

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 19 DE MAIO DO 2016.

ASISTENTES:

<p>Presidente:</p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten:</p> <p>D^a María Herminia Pouso Maneiro D^a Fabiola García Martínez D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández</p>	<p>Interventor:</p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p>Secretario Xeral</p> <p>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten:</p> <p>-----</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos do día dezanove de maio do dous mil dezaseis, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.


Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 12 de maio de 2016.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 16/05/2016, do que resulta un total líquido acumulado de 82.063,16 €, e que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido.





B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	13/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 10 m ³ de formigón H-200 con fibra para reparación de beirarrúas na Rúa do Norte (Palmeira)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.		
NIF/CIF:	B15025786		
Importe (IVE incluído):	1.000,83 €		
Observacións			

Nº Proposta	2	Data	13/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 12 m de tubo 1 ½" galvanizado 48,3x2.9 mm para reparación de beirarrúas na Rúa do Norte (Palmeira)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DIGAR DE ARTES, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DIGAR DE ARTES, S.L.		
NIF/CIF:	B15515695		
Importe (IVE incluído):	74,34 €		
Observacións			

Nº Proposta	3	Data	13/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 9,5 m ³ de formigón H-200 para contrución de rampla na porta traseira do colexio do Caramcheiro		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.		
NIF/CIF:	B15025786		
Importe (IVE incluído):	950,78 €		
Observacións			

Nº Proposta	4	Data	13/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego


		José Manuel Queiruga Brión	
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 0,5 m ³ de madeira de encofrado para contrución de rampla na porta traseira do colexio do Caramечеiro	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:		PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.	
NIF/CIF:	B15972649		
Importe (IVE incluído):	131,59 €		
Observacións			

Nº Proposta	5	Data	13/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 12 m ³ de formigón H-200 con fibra para reaparación de arcén en Ageiros (Corrubedo)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:		HORMIGONES DE XARÁS, S.L.	
NIF/CIF:	B15025786		
Importe (IVE incluído):	1.200,99 €		
Observacións			

Nº Proposta	6	Data	30/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO	Substitución de 8 cámaras e gravador do sistema de vixilancia da Policía Local por obsolescencia		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- SELECGA 2010, S.L. - OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:		SELECGA 2010, S.L.	
NIF/CIF:	B70283221		
Importe (IVE incluído):	1.215,99 €		
Observacións			

Nº Proposta	7	Data	04/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Administrador da Lonxa Municipal de Riveira José M. Orellán		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de monitor táctil para PET e cabezal para impresora de etiquetas Cebra ZM400 da Lonxa Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SAEC DATA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:		SAEC DATA, S.A.	





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


NIF/CIF:	A36631653
Importe (IVE incluído):	1.101,10 €
Observacións	

Nº Proposta	8	Data	10/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Administrador da Lonxa Municipal de Riveira José M. Orellán		
DESCRICIÓN DO GASTO	Reparación de báscula nº serie 9018C (300 Qg) e reparación de monitor báscula U 1500 Qg zona lotes da Lonxa Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	APLICACIONES DE PESAJE INDUSTRIAL, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	APLICACIONES DE PESAJE INDUSTRIAL, S.L.		
NIF/CIF:	B36845949		
Importe (IVE incluído):	1.808,40 €		
Observacións			

Nº Proposta	9	Data	10/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Administrador da Lonxa Municipal de Riveira José M. Orellán		
DESCRICIÓN DO GASTO	Reparación de báscula U da Lonxa Municipal substituíndo 4 celulas de carga, 4 pes de aceiro inox. M12 GIP e caixa suma plástico 4 celulas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	APLICACIONES DE PESAJE INDUSTRIAL, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	APLICACIONES DE PESAJE INDUSTRIAL, S.L.		
NIF/CIF:	B36845949		
Importe (IVE incluído):	1.904,90 €		
Observacións			

Nº Proposta	10	Data	18/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de ambulancia o día 21/05/2016 na Fieiteira, co motivo do campionato provincial de atletismo da S.X. Deporte e a final do campionato galego alevín		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L. - AMBUNOVA SERVICIOS SANITARIOS, S.L.U.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L.		
NIF/CIF:	B15991417		
Importe (Exento IVE):	295,00 €		
Observacións			





EXPEDIENTES DE FRACCIONAMENTO DE PAGO.

FRACCIONAMENTO DE PAGO A LUIS SÁNCHEZ TOUCEDO

Expediente: 2016-00000013

Visto o escrito presentado por **Luis Sánchez Toucedo**, de data 12/05/2016 (Registro de entrada nº 5.594), no que solicita o fraccionamento de pago de liquidación tributaria.

Visto o informe con proposta de resolución emitida ao respecto pola Tesourería Municipal, de data 13/05/2016.

Vista a documentación que consta no expediente.


A Xunta de Goberno Local, de conformidade ca citada proposta de resolución, por unanimidade dos presentes, **acorda**:


PRIMERO.- CONCEDER o aprazamento/fraccionamento solicitado, con aceptación provisional da garantía aportada, e liquidar o xuro de demora desde o día seguinte ao fin do periodo voluntario ata a data de vencemento do prazo concedido ou, no seu caso, de cada fracción de débeda, de acordo co artigo 53 do Regulamento Xeral de Recadación, establecéndose como prazos e cantidades a ingresar os seguintes:

Fracción	Vencemento	Importe fracción
01	05/06/2016	102,89 €
02	05/07/2016	102,89 €
03	05/08/2016	102,89 €
04	05/09/2016	102,89 €
05	05/10/2016	102,89 €
06	05/11/2016	102,89 €
07	05/12/2016	102,89 €
08	05/01/2017	102,89 €
09	05/02/2017	102,89 €
10	05/03/2017	102,89 €
11	05/04/2017	102,89 €
12	05/05/2017	102,89 €

SEGUNDO.- Notificar ao/á interesado/a o acordo anterior, advertíndolle que:

- 1.- Nos aprazamentos a falta de pago das cantidades aprazadas na data do seu vencemento, determinará a súa inmediata esixibilidade, en vía de apremio. Esixirase o apremio do principal da débeda, os xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento do prazo





concedido e o recargo do período executivo sobre a suma de ambos conceptos.

2.- Nos fraccionamentos, pola fracción non pagada e os seus xuros, expedirase a correspondente providencia de apremio, co recargo executivo sobre a suma de ambos conceptos e de non producirse o ingreso das cantidades anteriores se considerarán vencidas as fraccións pendentes, que se esixirán polo procedemento de apremio.

3.- De conformidade co establecido no artigo 52.2 do Regulamento Xeral de Recadación:

- a) Os pagos que o Concello deba realizar ao obrigado durante a vixencia do presente acordo quedarán afectos ao cumprimento do aprazamento. A tal efecto, entenderase, nos supostos de concesión de aprazamentos ou fraccionamentos concedidos con dispensa total ou parcial de garantías, que desde o momento da resolución se formula a oportuna solicitude de compensación para que surta os seus efectos en canto concorran créditos e débitos, aínda cando isto poida supoñer vencementos anticipados dos prazos e sen perxuízo dos novos cálculos de xuros de demora que resulten procedentes.
- b) O mantemento e eficacia do presente acordo queda condicionado a que, durante a súa vixencia, o interesado se encontre ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello.


III.- CONTRATACIÓN.


ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A "ADQUISICIÓN DE UN VEHÍCULO TURISMO (LOTE 1) PARA A POLICÍA LOCAL, MEDIANTE A MODALIDADE DE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO ("RENTING")".

Visto o expediente que se tramita para a **Adquisición de dous vehículos (un turismo e unha furgoneta) para a Policía Local, mediante a modalidade de arrendamento con mantemento ("renting")**, cun orzamento total por contrata de 151.008,00 euros (Valor estimado do contrato: 124.800,00 euros; IVE 21%: 26.208,00 euros) e una duración de 48 meses dende o día seguinte ao da entrega do vehículo.

O Prego de prescricións técnicas asinado polo xefe accidental da Policía Local Pedro Antonio Fernández Iglesias na data 07/03/2016, o Prego de cláusulas administrativas particulares, o expediente de contratación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, e o correspondente gasto con cargo a aplicación orzamentaria 132.20400, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 10/03/2016.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 53,





da data 18/03/2016, e no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), da mesma data.

Á vista da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación unicamente presentou a súa oferta a empresa "Autos Iglesias, S.L.", que foi rexistrada de entrada na data 04/04/2016, co número 3.621.

A apertura do sobre "A" (de documentación administrativa), foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 08/04/2016, na que acordou declarar admitida a esta licitación á única empresa presentada, por considerar que a documentación aportada é correcta.


O acto público da apertura do sobre "B", comprensivo da documentación relativa ós criterios subxectivos avaliábeis mediante xuízos de valor (referencias técnicas), presentada unicamente polo lote 1 (vehículo turismo), realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 11/04/2016, quen, logo dunha sucinta lectura da documentación presentada no citado sobre "B", acordou dar traslado da mesma ós servizos técnicos municipais para que emitan o informe técnico debidamente motivado respecto dos criterios de valoración que figuran na cláusula 19ª (fase I) do Prego de cláusulas administrativas particulares.


Con data 12/04/2016, o xefe accidental da Policía Local emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na citada reunión da data 11/04/2016, co detalle que no mesmo se recolle e coa proposta de puntuacións correspondente.

Á vista do citado informe e da documentación presentada polo licitador no seu sobre "B", a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 15/04/2016, acordou outorga-las puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación incluída polo licitador no seu sobre "B" (de criterios cuantificables mediante xuízos de valor -referencias técnicas-):

<i>Licitador</i>	Autos Iglesias, S.L.	
<i>Criterio de valoración</i>	<i>Puntuación</i>	
Características técnicas do vehículo	7,00	
Condicións do servizo de asistencia técnica e de mantemento	5,00	
Melloras ao prego en canto ao equipamento do vehículo	4,00	
Melloras ao prego en canto ás condicións do alugamento	2,00	
	Total	18,00

Seguidamente, xa en acto público, a Mesa de Contratación dou conta do resultado anteriormente sinalado, procedendo a continuación á apertura do sobre "C" (de criterios valorables de forma automática –oferta económica e redución do prazo de entrega-) do único licitador presentado e admitido, dando o resultado que se detalla a continuación e á vista do que acordou outorga-las puntuacións que tamén se indican, unha vez efectuadas as valoracións aplicando os criterios e fórmulas que figuran na cláusula 19ª (fase II) do Prego de cláusulas administrativas





particulares:

Licitador	Autos Iglesias, S.L.	
Criterio de valoración	Oferta	Puntuación
Prezo do alugamento e mantemento ("renting") (sen IVE)	42.960,00 euros	50,00
Abono por defecto de quilometraxe (sen IVE)	0,051 euros	2,50
Cargo por exceso de quilometraxe (sen IVE)	0,00 euros	2,50
Redución do prazo de entrega do vehículo	25 días	5,00
Total		60,00

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 15/04/2016 a Xunta de Goberno Local, na súa reunión da data 21/04/2016, adoptou os seguintes acordos:

- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación denominada "Adquisición de un vehículo turismo (Lote 1) para a Policía Local, mediante a modalidade de arrendamento con mantemento ("renting")", do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Puntuación		
		Sobres B	Sobres C	TOTAL
1º	Autos Iglesias, S.L.	18,00	60,00	78,00

- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a "Autos Iglesias, S.L.", que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 20ª do prego de cláusulas administrativas particulares.


De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 28/04/2016.





Dentro do prazo concedido a empresa “Autos Iglesias, S.L.” presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 09/05/2016 co número 5.378), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva, a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 09/05/2016 (nº de operación: 2016 33002981), xustificativa de constitución da fianza mediante aval do Banco Pastor (R.EA nº 08106-798) para responder do contrato por importe de 2.148,00 euros.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión celebrada na data 12/05/2016.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De conformidade co establecido na cláusula 22 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 21/04/2016, **adxudica-lo contrato de “Adquisición de un vehículo turismo (Lote 1) para a Policía Local, mediante a modalidade de arrendamento con mantemento (“renting”)” á empresa “Autos Iglesias, S.L.” (NIF número B27014398), nas seguintes condicións contractuais:**


a) Prezo total do contrato: 51.981,60 euros (Base: 42.960,00 euros; IVE 21%: 9.021,60 euros).


b) Prezo para o aboamento por defecto de quilometraxe anual: 0,051 euros por quilómetro (sen IVE).

c) Prezo para o cargo por exceso de quilometraxe anual: 0,00 euros por quilómetro (sen IVE).

d) Prazo de entrega do vehículo desde a sinatura do contrato: 35 días naturais.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato en documento**





administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **José Carlos Cañestro Lijó**, de data 18/04/2016 (Rexistro de entrada nº 4.383), no que achega proxecto de execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 08/04/16 para engadir a expediente de licenza de obras nº 90/15.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 06/05/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 12/05/2016, por unanimidade dos presentes,
ACORDA:

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente consistente en Proxecto Básico e de de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 8.4.16 redactado por Juan López Villanueva:





- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


XII.- VAOS PERMANENTES.


Visto o escrito presentado por **José Manuel Martínez Mariño**, de data 05/05/2016 (Rexistro de entrada nº 5.224), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible sito en Rúa Xosé Ramón Barreiro, nº 1 – Riveira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/05/2016 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **José Manuel Martínez Mariño** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmovible sito en Rúa Xosé Ramón Barreiro, nº 1 – Riveira.

Así mesmo, deberá procederse a rebaixar o bordillo da beirarrúa.





- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.

Vista a proposta presentada pola **Concelleira de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 18/05/2016, en relación á Orde do 1 de marzo de 2016, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases para a dotación de novidades editoriais en galego ás bibliotecas de titularidade municipal (DOG núm. 78, do 25/04/2016).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar unha subvención ao abeiro da orde citada anteriormente para a dotación de novidades editoriais en lingua galega á Biblioteca Pública Municipal de Riveira.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 19 de maio de 2016

Dou fe, o secretario xeral

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle